



ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA
SESIÓN ORDINARIA 09.10.2020

Mediante a aplicación WEBEX, da que se enviou o correspondente enlace aos legais integrantes, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as doce horas do día nove de outubro do ano dous mil vinte. Preside **D^a ELENA ESPINOSA MANGANA**, concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, e actúa como secretaria **D^a Susana Gallardo Fariña**, secretaria de Admon. Municipal, segundo a orde do día fixada pola Presidencia. As persoas integrantes da Mesa que participan mediante videoconferencia son as que a seguir se relacionan:

PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL

- D. Pergentino Martínez Pampillón

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. José Carlos Vázquez Míguez
- D. Manuel Córdoba Ardao (asesor)

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D. Juan Carlos Rodríguez Lorenzo
- D. Miguel González Uclés (asesor)

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D^a Laura Amez Muras

SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Abraham González Acea

Asiste tamén, de conformidade cos “*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*”, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 11 de xullo de 2019:

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 36464/220

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 1 de 8

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEUJU5-H1



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- D^a María Dapena Gómez

TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH

- D. Ezequiel Fernández Carpintero

Asiste tamén o interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso e o tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

A Presidencia inicia a reunión da Mesa Xeral de Negociación logo da indicación da secretaria da Mesma da existencia do preceptivo quórum legal. A seguir comeza co tratamento do único asunto da orde do día.

PUNTO ÚNICO.-ANTEPROXECTO DO CAPÍTULO I DE GASTOS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2021.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Comeza a súa intervención indicando que a información técnica elaborada para confeccionar o Capítulo I dos orzamentos de gastos do Concello de Vigo se remitiu a todos os integrantes da Mesa.

Explica que como todos ben saben, nestes momentos estase dando unha situación absolutamente excepcional polo que hai que salientar que se manteñan as retribucións do ano 2021 ao mesmo nivel que no ano actual. Tamén a ese Capítulo I hai que lle engadir, e polo tanto tratar, o fondo de adecuación que hai varios anos se constituíu coa finalidade concreta de dar solución a determinadas disfunción existentes nalgúns postos de traballo.

Polo demais e dado que a información pertinente xa se distribuíu, non segue seguirá con esta exposición xa que prefire que se poidan facer as preguntas que se consideren necesarias para seguir avanzando nesta negociación do Capítulo I, para o que tamén pide a intervención do persoal das áreas de RR HH e de Orzamentos e Facenda que elaborou a documentación técnica.

SR. D. JOSÉ CARLOS VÁZQUEZ (CC OO) Explica que segundo os Criterios polos que se rexe o funcionamento da Mesa, se a reunión que se está mantendo é de carácter extraordinario en primeiro lugar deberá ratificarse a urxencia. Solicita, polo tanto, a ratificación da urxencia como primeiro punto de acordo co apartado 7 das bases reguladoras da Mesa de Negociación.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Na mesma liña do que se acaba de comentar, entende que se debe ratificar a urxencia da reunión, e iso máis que por unha cuestión formal, por razóns de operatividade. Podería entender a urxencia da iniciación dun proceso negociador que se vai levar a cabo de xeito ordinario en posteriores reunións. Non sabe o por que da urxencia, como tampouco da calendarización da negociación e así fala non como

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 2 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEJUJ5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

sindicato UXT, senón como Presidente do Comité ao que os sindicatos pediron que aclarase estes extremos, pero non souben dar unha resposta.

SR. CÓRDOBA ARDAO (CC OO): Toma a palabra para reiterar o que dixo o seu compañeiro anteriormente, coida que primeiro deberíase facer unha ratificación da urxencia, esta ratificación debería estar incorporada na propia convocatoria. Insiste polo tanto en solicitar que se proceda á votación da urxencia.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Diante desta situación, solicita da Secretaria, Sra. Gallardo Fariña, que informe xuridicamente ao respecto.

SRA. GALLARDO FARIÑA (Secretaria): En base ao acordo da Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2019, de modificación dos Criterios xerais das convocatorias das Mesas de Negociación Colectiva do Concello de Vigo, apartado VII.- relativo ao réxime de convocatoria e celebración das sesións, as sesións da Mesa de Negociación poden ser: "...Sesións extraordinarias: sen a periodicidade anterior, poderase reunir a Mesa Xeral cando conorra algunha das seguintes circunstancias: -A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar. -Cando o solicite algunha das partes, previa xustificación da urxencia." Se ben os Criterios din que as sesións extraordinarias e urxentes son aquelas que deberán convocarse cunha antelación mínima de 24 horas e que requiren do acordo de todas as partes, non trata así as extraordinarias das que di que serán convocadas a instancia da Presidencia con base na urxencia dos asuntos a tratar. É dicir, pódese convocar reunión extraordinaria e non precisa de acordo expreso, distinto é coas reunións extraordinarias e urxentes, que este non é o caso.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Escoitado o anterior, propón o tratamento do punto da orde do día Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos municipais 2021.

En primeiro lugar e en resposta ao exposto polo Presidente do Comité, indica que se trata dunha primeira reunión da que descoñece que vai pasar ao longo do seu desenvolvemento. Tamén é certo que, como se dixo na anterior intervención, dentro do Capítulo I de gastos, aparece o Fondo de Adecuación que par a súa negociación ten tamén unha reunión independente que se tratará de iniciar e realizar o máis axiña posible porque a súa aprobación si que inflúe na mesma aprobación dos orzamentos municipais. Coida polo tanto que é responsabilidade de todos que os orzamentos saian adiante porque con eles se votará a aprobación, non só do Capítulo I obxecto desta negociación, senón de cantidades considerables dirixidas a investimentos moi necesarios nestes momentos para colaborar na medida do posible en paliar estar crise que está afectando a moitos traballadores e traballadoras, para crear algún posto de traballo en empresas adxudicatarias de obras do Concello. Son dous asuntos de moita importancia, un engloba as nosas obrigas como Concello de Vigo e outro, segundo, e a responsabilidade social dentro dunha crise tan aguda como a que se está a vivir por causa do COVID-19.

SR. CÓRDOBA ARDAO (CC OO): Insiste en que nos Criterios de funcionamento da Mesa de Negociación só se distinguen dous tipos de sesións: ordinarias e extraordinarias e estas últimas, as extraordinarias, sempre van marcadas pola urxencia do contido. Indica que le literalmente o texto dos Criterios de funcionamento das Mesas de Negociación porque coida que anteriormente non se leu na súa totalidade; nese texto se di que as sesións extraordinarias, tanto se o son a instancia da Presidencia como se as solicita unha das partes o serán previa xustificación da urxencia. Hai un parágrafo que se omitiu, ou polo menos non se escoitou, onde se di claramente que as sesións extraordinarias e urxentes

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 3 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEUJU5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia para a que se esixirá maioría absoluta. A sesión extraordinaria sempre vai marcada pola urxencia e polo tanto hai que debater esa urxencia que ten que estar explicitada. Por iso, cal é a urxencia desta sesión extraordinaria? Queren coñecer a urxencia e esta ten que ser votada.

Reitera a petición de ratificación da urxencia e indica que de seguir adiante coa presente reunión sen ter votada a declaración de urxencia, os representantes do sindicato CC OO veranse obrigados a abandonar a sesión.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Agradece a intervención do asesor de CC OO, Sr. Córdoba Ardao, pero quere que conste que se reitera a opinión xurídica da Secretaria da Mesa no relativo a que a convocatoria é de carácter extraordinario que non extraordinario e urxente e, por se queda algunha dúbida ao respecto a mesma Secretaria pode reiterar a diferenza entre estes dous tipos de convocatoria. A reunión que se está realizando nestes momentos é extraordinaria.

SRA. GALLARDO FARIÑA (Secretaria): Reitera que, de acordo cos criterios aprobados pola Xunta de Goberno Local do 11 de xullo de 2019, que non os Criterios do ano 2015, se distingue entre sesión extraordinaria e sesión extraordinaria e urxente e, de acordo co último parágrafo, as sesións extraordinarias e urxentes deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia que esixirá maioría absoluta do número legal de membros. Segundo a convocatoria efectuada para a presente reunión, esta sesión é extraordinaria e polo tanto non lle é de aplicación o manifestado sobre a extraordinaria e urxente. Ratifícase no manifestado na súa anterior intervención.

SR. CÓRDOBA ARDAO (CC OO): Nese caso, a representación de CC OO disente desa opinión e polo tanto abandona a reunión con todo o respecto para os membros da Mesa que queiran continuar.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Agradece a presenza dos representantes sindicais e respecta, como non pode ser doutro xeito, a decisión de abandono da reunión, pero quere que quede constancia da intención por parte do Concello de negociar o Capítulo I de gastos. Indica que por parte do Concello están abertos á negociación que é o motivo da presente reunión e que senten e lamentan que pola parte sindical non se manteña a mesma liña de diálogo para acadar un acordo nos orzamentos.

Dá as grazas e explica que agarda que a próxima vez se poida negociar, e iso polo ben de todos os compañeiros e compañeiras tanto funcionarios como laborais e tamén e por suposto por levar a bo termo os orzamentos, necesarios nestes momentos tal e como se explicou con anterioridade. Reitera a intención do Concello de negociar os orzamentos, intentouse, pero o abandono o é por parte dos sindicatos exercendo libremente a súa decisión. Moitas grazas novamente.

Os membros de CCOO abandonan a sesión. Así mesmo os representantes sindicais de CIG e SICO, indican que a convocatoria da reunión debeu ser de carácter ordinario e que están de acordo coas argumentacións dos compañeiros de CC OO. Todos eles abandonan a reunión

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 4 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEJUJ5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Constatase que os representantes de CC OO, CIG e SICO abandonaron a reunión, pero non así a representación de UXT, polo que require o pronunciamento da Secretaria da Mesa relativo á existencia do necesario quórum.

SRA. GALLARDO FARIÑA (Secretaria): A lei require quórum na constitución das sesións, de houber abandonos a reunión continúa; quen queira abandonar está no seu dereito.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Aínda que coida que a reunión debería ser ordinaria, tamén que o que está enriba da mesa son acordos de moito interese tal e como o da policía, acordo que xa se tratou o ano pasado e que levou a UXT a votar en contra do anteproxecto de orzamentos presentado; agora está novamente recollido e contan con diversas sentenzas favorables e tamén coa intención de que diversos conceptos que se veñen aboando como produtividade, como poden ser nocturnidade e festividade, entenden que debe estar no complemento específico, amén de que hai un estudo que así referenda. Coida que deben ter partida específica, non sabe con que cantidade ou se con mais ou menos dotación. Deberíase ter constancia da intención de chegar a estes acordos e logo xa se trataría a dotación, pero nestes momentos a ausencia desa partida específica, como a falta doutro tipo de acordos fai que pola parte sindical haxa unha postura, non tanto contraria pero si de dúbida de chegar a eses acordos ao non contar co referendo económico nos orzamentos.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Por todos os presentes é coñecido que, tal e como se comprometeu o Concello, se está realizando un estudo destes asuntos da Policía Local, pero ese estudo aínda non está rematado polo que non se coñecen as súas conclusións, como tampouco a cuantificación económica polo que non se pode incorporar, o que non significa que nun momento dado se teña que acudir a procedementos extraordinarios que poden ser dende unha modificación orzamentaria ou ben outros que sexan viables para poñer ditos acordos en marcha, pero si que a xustificación debe estar pechada cunha cuantificación exacta ou estimación real para incorporar aos orzamentos, de non ser así, os acordos non poden ter cabida nestes momentos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Xa o ano pasado se negociou que os conceptos de nocturnidade e festividade deberían ter por se un amparo económico dentro dos orzamentos. Non fala de contías suficientes, pero coida que sempre será máis sinxelo facer unha modificación orzamentaria para dotar partidas que de antemán resultan insuficientes; hai partidas que ao longo de todo o ano se van dotando segundo as necesidades. Agradaríalles que tendo a intención de chegar a acordos, houbese unha partida que recollese a finalidade dos mesmos, intentalo dun ou doutro xeito. Non sabe se pola parte económica se pode facer nun ou en dous exercicios orzamentarios pero que queden referendadas economicamente as retribucións de colectivos de policía e doutros servizos que non teñen certas cantidades incluídas no específico; son cantidades xa coñecidas.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: O ano pasado que non había orzamentos para o facer non, pero este ano si se está a facer o estudo da policía. Haberá que facer, polo tanto un paralelismo, aínda que se está a falar de cantidades diferentes ás que poden resultar do estudo.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Reitera que lles gustaría que os acordos quedasen constatados nunha partida orzamentaria. Por outra banda, explica que aínda que se deu un incremento de 25.000 euros na partida relativa ao seguro de vida, que seguro que non foi difícil contratar esa cobertura, por

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 5 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEUJU5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

comentarios que lle chegaron de compañeiros que pasaron por circunstancias desgraciadas, coida que esa partida merecería un reaxuste.

Máis aló de máis achegas sindicais, dende UXT ponse enriba da mesa o asunto do seguro de vida, o acordo da policía e retribucións de servizos que non figuran no complemento específico; deben ser partidas a ter en conta, non sabe se na súa totalidade ou en parte, pero darían tranquilidade. Piden unha análise máis profunda destes asuntos en unha posterior reunión da Mesa na que se poderían pechar as correspondentes negociacións. Pide que se estude esta posibilidade.

A seguir, a Presidencia solicita a intervención da Superior Dirección Contable para a ampliación de información.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (DS. Contable): Comeza a súa intervención expoñendo que a reponsable política presente xa o aclarou e cómpre distinguir que unha cousa son os conceptos insuficientes pero que están no esquema de retribucións de tipo variable, como poden ser produtividade e gratificacións que figuran cunhas dotacións iniciais e que sistematicamente son insuficientes, pero en base ao principio de escaseza de recursos se poden dotar. Tamén é verdade que hai moitas prazas que non están asociadas a unha oferta de emprego e polo tanto se dotan anualmente e seguen sendo fonte de recursos para suplementar-dotar esas partidas insuficientes. Cousa distinta é dotar unha partida para unha finalidade que non se sabe cal é, porque o que é certo é que non se coñece o que vai resultar do estudo da policía, como se vai aprobar, como se vai anualizar..., pero o que si debe quedar claro é que unha vez que se aprobe ese estudo, se ten que encaixar dentro do réxime retributivo correspondente, deberá dotarse e verase a súa implantación. A día de hoxe non ve claro que se poida dotar unha partida sinxelamente porque si, só polo feito da vontade de aumentar o complemento.

Nun principio as instrucións emanadas da Concellería de Orzamentos e Facenda foron que se teñen que manter as retribucións ao mesmo nivel ca o ano pasado. Tamén que certo que ao non ter lei de orzamentos é sinxelamente unha previsión máis ou menos certa e así se conforma. Axustáronse os custes da Seguridade Social e polo demais o orzamento deste ano é como o do pasado.

Entende que legalmente non se poden dotar partidas que non se coñece para que son e non é unha cuestión de oportunidade, é que as partidas teñen que responder a algo concreto.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): Toma a palabra para indicar que comparte o criterio expresado polo Sr. García Álvarez nesta materia. Sempre se defendeu que o estudo en curso da análise e valoración de postos de traballo que está a realizar unha adxudicataria profesionalmente ben valorada, arroxará uns resultados que no seu momento haberá que avaliar e valorar, e cando a Corporación conte con toda a documentación técnica e a valoración nesta materia e o estudo rematado, poderá tomar a decisión correspondente. Entende que nese momento se procederá a analizar o ámbito orzamentario concreto e aínda que recoñece que tanto o Interventor como o Director Superior Contable coñecen máis deste tema, pola súa parte reitera que comparte as apreciacións expostas.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Este asunto xa foi centro das discusións das negociacións do pasado ano. Discrepa porque pensa que en todo caso determinados conceptos retributivos, como poden ser nocturnidade e festivos deberían estar incluídos no Complemento específico, son cantidades que xa se coñecen. Pensa que isto si é posible e tamén que na ausencia dunha lei de orzamentos ter unha partida específica axudaría bastante a chegar a acordo. Non vai discutir a legalidade, pensa que si é posible; entende

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 6 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEJUJ5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

que si hai unha instrución da Concellería de Orzamentos e Facenda, pero que mesmo podería ser outra que mellorase as retribucións. Non coñece cales son as limitacións e non as vai cuestionar, aínda que igual con máis información tería que asumir que existen, pero nestas datas os representantes sindicais non van entender como unha boa negociación unha limitación orzamentaria pola que non se mellore o anterior orzamento.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (DS.Contable): Quere aclarar que o ilegal sería incrementar o Capítulo I sen norma que o avalase, o prudente é ampararse non único que está vixente nestes momentos, que se non hai orzamento terá que haber algunha norma que regule que os salarios do persoal ao servizo das Administracións Públicas non crece o 0,44, foi un reaxuste porque o Capítulo I non variou, mantense nos mesmos termos. O ano pasado se dotou un 2,46 que, por certo, os sindicatos pedían na reunión da Mesa de Orzamento un 3, porque había un 2 fixo e o 1 variable, se se cumprían determinados requisitos, pero daquela xa se sabía que non se ían cumprir e se fixo unha estimación da posible variación que foi peor do agardado co que se rematou cunha variación do 2% e polo tanto a aplicación dese 1% variable foi de cero. Todos os postos dotados estaban ao 2,46, sen prexuízo de que se pagou ao 2 e o que se acaba de facer son axustes porque non hai coñecemento de variación para o vindeiro ano; axustáronse todos os postos aos salarios vixentes consolidados. Isto é legal, pero non o sería incrementar as retribucións dos funcionarios sen unha norma que o avale.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Non comparte a argumentación do Sr. García Álvarez, porque, segue dicindo que hai retribucións como as correspondentes a nocturnidades e festividadeas que non corresponden a un incremento, son de sempre. De todos os xeitos respecta os argumentos e en calquera caso quedalle clara a intención que hai neste sentido.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Pregunta se pola parte sindical presente hai algunha pregunta máis que se queira facer.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Na representación do sindicato UXT pide un tempo prudencial para analizar a información e que haxa unha posterior convocatoria para pechar a negociación e que se esta pode ser ordinaria se xeraría menos conflitos.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Coida que a documentación necesaria se enviou con tempo suficiente e pola súa parte presenta dúas opcións para que o Presidente do Comité de Empresa elixa a que considere, unha sería realizar unha nova reunión a próxima semana o antes posible dada a necesidade da aprobación do Capítulo I e a segunda sería deixar pechado nesta reunión o tratamento do Capítulo I coa libre decisión de UXT a favor ou en contra e logo convocar novamente outra Mesa de Negociación, que podería ser ordinaria ou extraordinaria, daría o mesmo, para o tratamento do Fondo de Adecuación.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Prefire unha convocatoria ordinaria para o tratamento do Fondo de Adecuación.

A PRESIDENCIA, SRA. ESPINOSA MANGANA: Remata a reunión da Mesa solicitando que dende Administración Electrónica se emita informe que acredita que se dotou aos sindicatos dos medios suficientes para a súa participación na presente reunión.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 7 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEJU5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 36464/220

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do nove de outubro do ano dous mil vinte, sendo as doce horas e cincuenta minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e praxe da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

SGF/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-SUSANA GALLARDO FARIÑA

Vº e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión ordinaria 09/10/2020-Expte. 36464/2206



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2020 11:11

Páxina 8 de 8

Expediente 36464/220

CSV: 2FE881-3H2433-53E68D-8F48CJ-YEUJU5-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>